

Extremadura, El Correo de la Moda, La Moda elegante ilustrada, La Ilustración, El sacerdocio de la mujer, ambas de Barcelona. Asinou algunhas veces co pseudónimo "Garcí-Hernández". AP

COFÁN, María (Ourense, ?). Actriz. Estudou bacharelato na súa cidade e posteriormente trasladouse a Madrid coa familia. Asistiu a clases de canto e baile e seguiu un curso de Interpretación no Instituto de Investigacións e Experiencias Cinematográficas. Debutou en 1956 cun papel secundario en *Fedra*, na versión de Mur Oti. Continuou durante catro anos encarnando papeis secundarios en diferentes filmes: *Embajadores en el infierno* (1956); *Tremolina* (1956); *El genio alegre* (1956); *Un abrigo a cuadros* (1956); *Un americano en Toledo* (1957); *El azar se divierte* (1957); *El ángel está en la cumbre* (1958). En 1959 foi eleixida Miss España e a partir do ano seguinte reconduciu a súa carreira no mundo do espectáculo para se dedicar á canción, actividade en que alcanzou certa notoriedade na década dos sesenta, despois dunha traxectoria artística exitosa no cinema, ao que regresou esporadicamente con *Una bruja sin escoba* (1967) e *Carola de día, Carola de noche* (1969). Residente desde hai tempo na Costa do Sol, onde exerce tamén labores de mecenado de novos intérpretes, compuxo cancións, algunhas en galego, para xente nova e adulta. Gravou o disco *Sueños de amor y salsa* co portugués Jaime Nasci-

mento. Desde que abandonou os platós de cinema e televisión, dedicouse preferentemente á escrita, sendo o xénero narrativo (contos para a infancia e novelas para adultos) o que cultivou até o momento. Obra publicada: *El perro que tendía la ropa* (1989); *El perro que tendía la ropa y otros cuentos* (1989); *Vivencias y fantasías* (1989); *La modelo y otros relatos* (1990); *Amar sin temor y otros relatos* (1992); *El elefante color de rosa y otros cuentos* (1993); *A mitad de camino* (1994); *El globo de Juanito y otros relatos* (1995); *Reflejos estelares de María Cofán* (1997); *El amante secreto y otros relatos* (1999). DC

COLMEIRO, Elena (Silleda, Pontevedra, 1932). Ceramista. Aos nove anos marchou coa nai e irmáns a Buenos Aires para se reunir co pai, o pintor Manuel Colmeiro, que estaba exiliado. Estudou na Escola Nacional de Cerámica de 1948 a 1953 e en 1954 regresou a Europa establecendo a súa residencia en Madrid, con estadias frecuentes en Galicia. Antes de regresar, en 1953, fixera a primeira exposición na galería Müller da cidade bonaerense. A partir daquel momento sucedéronse as mostras individuais e colectivas en diversas cidades do Estado Español (Vigo, Madrid, Salamanca, A Coruña, Bilbao) e estranxeiras (Toulouse, Londres, Bruxelas, A Haia, Heidelberg), sendo unha das últimas a celebrada en Zaragoza, o mes de maio de 2004, en CERC0 2004. Artista moi galardoada, ten no seu haber numerosos



María Cofán



Elena Colmeiro

premios na súa dilatada carreira: Primeiro Premio na Exposición de Cerámica do Casino de Mar de Plata (1951); Premio de Honra no Segundo Salón Nacional de Artes Plásticas de Buenos Aires (1952); Primeiro Premio de Estudantes no “Salón Anual de Artes Plásticas para Jóvenes Estudiantes” (1952); Primeiro Premio na Bienal de Arte de Uruguai (1966); Medalla de Ouro na Exposición Internacional de Cerámica de Faenza (Italia, 1967). Obras súas son o *Mural do aeroporto de Santiago de Compostela* (1980) e o *Mural da Casa de Cultura de Quiroga* (1991). Coa súa arte, conseguiu elevar a cerámica, un medio considerado artesanal, á categoría de escultura. Forma e cor, xunto cun pretendido pensamento ordenado, son, en palabras da artista, os elementos que caracterizan as súas obras.

“**COLOMA, A**”. Véxase FRUTOS SANTOS, Aurora.

COMBARRO, Rosa de (Século XVIII). Pode considerarse como unha auténtica empresaria agrícola. Tiña unha explotación na zona de Santiago de 93.201 m², que contiña: terras de labradío, herbal, toxal, retamal e monte. Tiña dous bois, dúas vacas, dous terneiros, vinte e nove carneiros e dous porcos.

“**COMUNISTA, A**”. Véxase ALONSO GONZÁLEZ, Consuelo.

CONCEPCIÓN “A CACHEIRA”. Oleira. Unha das moitas mulleres dedi-

cadás a este oficio a comezos do século XX no lugar de Ramirás, Castrelo de Miño (Ourense), segundo Luciano García Alén. O plástico, a folla de lata e a construción da vía férrea por onde estaban as *barreiras*, acabou co oficio.

CONCEIÇÃO, Lucía da. Rapsoda dos cantares de cego. Durante anos amenizou feiras de localidades dun lado e outro da Raia interpretando cantares de cego, xunto ao seu home que tocaba a mandolina, instrumento que tamén domina esta ourensá. Grazas á súa memoria Xosé Luis Foxo e Xosé Cruz recompilaron corenta e cinco cantigas inéditas no libro *Cantares da Cega de Covelo* (2005). Mora en Covelo, Viana do Bolo (Ourense).

CONCHEIRO GARCÍA, Ascensión (Ordes, A Coruña, 1913). Comezou os estudos nunha escola pública da súa vila e posteriormente trasladouse a Santiago onde preparou o bacharelato por libre mentres asistía ao colexio de monxas da Compañía de María. En Compostela coñeceu en 1931 a Francisco Comesaña Rendo, á sazón estudante de Medicina, de ideoloxía comunista, nado en Cuba aínda que era fillo de galegos. Nos comezos da Guerra Civil foi detido e encarcerado. Xulgado en Consello de Guerra foi sentenzado a morte mais, por ter nacido en Cuba, foille conmutada a pena pola de cadea perpetua que, por revisión de expediente en 1943, ficou en